

## Espazo Xuvenil Aberto de Mugardos

O Espazo Xuvenil Aberto de Mugardos nace da demanda explícita dun grupo de mozas dun espazo de encontro para xente nova para desenvolver o seu ocio e lecer de forma positiva. Segundo datos do Padrón Municipal en marzo de 2013 había 96 mozos e 106 mozas de entre 11 e 17 anos. O artigo 48 da Constitución establece que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural. Por outra parte, a Lei reguladora de bases de réximen local, no seu artigo 25.2 m) outorga competencias a os concellos en materia de actividades ou instalacións culturais e ocupación do tempo libre, ademais da competencia xenérica para o establecemento de servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O Espazo Xuvenil Aberto empregará as infraestruturas municipais que mais se poidan adaptar aos intereses deste poboación de cara a favorecer e dar soporte material e técnico ás iniciativas individuais e colectivas da xuventude no seu entorno. Responden á necesidade de integración e participación social que os/as cidadáns/ás xoves teñen con características específicas e se configuran como un espazo de inserción social, convivencia e participación xuvenil.

Este recurso concíbese cun carácter dinamizador e dinámico, aberto, democrático e laico, favorecendo o protagonismo dos mozos e mozas nas programacións e funcionamento e xestión do Espazo.

Empregarase as instalacións da Casa da Cultura municipal como centro, aínda que se programarán actividades exteriores, tanto arredor da Casa da Cultura, como noutras infraestruturas municipais e espazos públicos do concello (parques, pavillón municipal, local de ensaio, biblioteca, etc.).

### 1.- Obxectivos:

Os obxectivos do Espazo Xuvenil Aberto de Mugardos son os seguintes:

- 2.1. Proporcionar á mocidade a infraestrutura e os medios necesarios para que poidan crecer, desenvolverse e madurar en harmonía, e propiciar a práctica de valores de solidariedade, sentimento de pertenza, respecto e responsabilidade nun ambiente democrático e de cooperación entre todos e todas.
- 2.2. Dispor dun espazo para a mocidade, onde poidan realizar múltiples actividades que lles permitan desenvolver as súas capacidades e fomentar a súa creatividade.
- 2.3. Fomentar entre a poboación xuvenil o uso do tempo de ocio en torno aos instrumentos e ferramentas que ofrece o Espazo Xuvenil Aberto, buscando o desenvolvemento persoal e o uso creativo do tempo libre, previndo así condutas e situación de risco no tempo libre.
- 2.4. Incrementar a participación activa da mocidade co fin de mellorar a súa calidade de vida.

- 2.5. Fomentar a coordinación entre distintos recursos (municipais, autonómicos, nacionais, etc.) que estean directa ou indirectamente relacionados co colectivo xuvenil, establecendo cauces de traballo en rede.
- 2.6. Favorecer e propiciar o coñecemento satisfactorio de técnicas, recursos e actividades susceptibles de formar parte dun ocio pleno e autoxestionado polos propios participantes, posibilitando o acercamento ás novas tecnoloxías e garantindo as accesibilidade e o correcto uso das mesmas en beneficio do progreso persoal e social.
- 2.7. Favorecer o intercambio con mozos e mozas doutros municipios ou países coa intención de fortalecer a formación e a aprendizaxe de novas culturas e costumes.
- 2.8. Favorecer hábitos de participación xuvenil, en base ao diálogo, a busca de consenso e a codecisión, impulsando o desenvolvemento de proxectos e a incorporación da mocidade ao mundo das responsabilidades individuais, sociais e comunitarias.

## **2.- Destinatarios/as:**

En xeral, mozos e mozas empadroadas en Mugardos, de idades comprendidas entre os 11 e os 17 anos.

Para actividades especiais externas ou internas, obradoiros, cursos, conferencias, programas especiais, eventos, festas; poderán participar persoas doutras idades e concellos, sempre que se determinara e autorizara previamente, segundo a programación.

## **3.- Metodoloxía:**

O espazo pretende ser un recurso facilitador da participación cidadá das mozas e mozos, a través do asociacionismo, a cohesión social, a creatividade, o fomento do diálogo e o consenso, etc. Polo tanto se constitúe como un espazo de encontro canalizador de iniciativas xivenís, dentro dos obxectivos enumerados con anterioridade.

Así pois, sería recomendable artellar formas de decisión dos e das mozas no centro, de forma que as actividades propostas sexan acordes aos seus gustos e necesidades e se impliquen activamente no funcionamento do mesmo.

Para un control e rexistro de usuarios/as expedirase un carné a cada mozo/a, logo de cumprimentar unha serie de datos persoais, autorizacións dos representantes, DNI/NIE de usuario/a e representante. Dada a minoría de idade dos/as usuarios, estarán representados polos seus pais/nais e titores legais.

O tratamento e utilización dos datos facilitados polos/as usuarios farase en base á Lei 15/1999, de dedembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **Organización do servizo:**

O servizo articularase nun plan anual de actividades que responderá aos obxectivos dos distintos programas que se executen neste plan.

O plan será elaborado polo equipo técnico e o/a dinamizador/a tendo en conta as necesidades detectadas na poboación xuvenil, as demandas dos usuarios/as expresadas individualmente ou a través das asociacións e colectivos xuvenís, e a coordinación co resto de servizos públicos dedicados á xuventude en Mugardos. Primarase especialmente no plan a cobertura de obxectivos que non estean xa



atendidos polo resto de centros públicos ou polas asociacións, e as actividades que se realicen en coordinación cos anteriores. Unha vez elaborado o plan, será aprobado pola Concellería de Mocidade, dando conta ao Concello.

#### 4.- Temporalización:

O horario de apertura virá determinado acorde ás expectativas dos usuarios, polo que o Concello de Mugardos a través da Concellería de Mocidade estará sempre atento a estas demandas. Inicialmente o horario será os sábados e domingos de 17.00 a 21.00 h., e poderanse modificar en función da demanda, e das posibilidades orzamentarias.

#### 5.- Recursos materiais:

##### Instalacións:

As instalacións do Espazo Xuvenil Aberto de Mugardos están dispostas para o disfrute de toda a mocidade, sempre nun ámbito de respecto mutuo e coidado permanente.

O mal uso e abuso das instalacións poderá carrexar medidas e sancións disciplinarias importantes, en beneficio do colectivo xuvenil e do óptimo aproveitamento de cada área do Espazo.

O EXAM posúe unha serie de instalacións cuxas áreas están ao servizo de toda a poboación xuvenil do municipio: recepción, sala multimedia, sala polivalente de reunións e xogos de mesa e aseos.

**1. Recepción:** A función deste espazo é a de prestar aos asistentes toda a información referente ás instalacións e servizos que o centro ofrece, ademais de levar o control de accesos.

**2. Sala Multimedia:** Sala informática con 10 equipos con conexión a internet en sistema de ADSL. Os tempos serán de 30 a 60 minutos dependendo das necesidades do usuario. O sistema contrólase desde a mesa do dinamizador situada neste espazo ou desde a recepción e con restriccións a webs ou direccións que poidan conter información non acorde aos principios e valores que como obxectivos persegue este recurso.

**3. Sala polivalente de reunións e xogos de mesa:** Esta sala está deseñada para o ocio dos usuarios. Nela atópanse gran variedade de material lúdico destinado ao recreo permanente da mocidade usuaria do centro.

A sala polivalente busca que os usuarios disfruten de numerosas atraccións e que se encontren nun ámbito de boa comunicación, interrelación e un ocio san e respectuoso.

Os tempos de utilización dos xogos non deben pasar de 30 minutos. Si non existe demanda, poderán seguir usándoos por un maior tempo ata que sexa requirido por outros usuarios.

##### **Equipamento:**

- **Xogos de mesa:** xadrez, damas, cartas,
- **Equipo audiovisual:** Televisor, ordenadores da aula de informática, cañón proxector, equipo de música.
- **Biblioteca:** Selección de literatura acorde con estas idades, para uso no espazo.
- **Tablón de anuncios:**